

**ROSALÍA DE CASTRO E O  
*VOLKSGEIST*: RESONANCIAS  
DO ROMANTICISMO ALEMÁN  
NO CONTEXTO GALEGO**

**Derek Flitter**

University of Exeter

doi:10.17075/rcsxxi.2014.026



No parágrafo derradeiro do Prólogo que antecede ós *Cantares gallegos*, insiste Rosalía de Castro en que «puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo» (Castro 1979: 43). Sabemos todos que «espírito do pobo» é tradución directa do alemán *Volksgeist*, termo que cobra significado particular a partir das orixes do Romanticismo en Alemaña. A súa aplicación resulta clave na configuración da literatura europea nas primeiras décadas do século dezanove, motivando a recuperación e maila imitación das literaturas populares nacionais en case todo o continente, fronte ó universalismo clasicista e ó desprezo expresado pola Ilustración francesa ás tradicións populares comprendidas como documentos históricos.

Esta visión xenerosa, pode que idealizadora, do mundo do folclore, da literatura popular, dende as súas raizames intelectuais en Alemaña, vai penetrando nas outras literaturas europeas mediante o ideario de Johann Gottfried Herder e, máis sinaladamente, as conferencias publicadas dos irmáns August Wilhelm e Friedrich Schlegel. A doutrina literaria dos Schlegel —e cabe empregar este termo xa que os xuízos dos dous irmáns representan un sincretismo coherente e ata certo punto formulario— resulta ser factor dominante na configuración do Romanticismo español, no seu temario e na súa ideoloxía literaria. Remito, neste caso, ó meu libro *Spanish Romantic Literary Theory and criticism* (Flitter 1992).

Hai tendencias patrioteiras, por certo, na reclamación da tradición nacional, do mundo das novelas e do teatro áureo, e mailo desexo evidente de cultivar-la independencia e soberanía cultural; autores como Zorrilla apelan de xeito inequívoco ás tendencias do momento. Cando aparece *Cantares gallegos* e inicia a literatura galega o seu renacemento, atopamos no seu Prólogo a afirmación dunha serie de ideas que na parte teórica xa son familiares, mais que no seu contexto especial se diferencian ata tal punto que parecen ser inda diametralmente opostas. Neste traballo, a miña intención é investigar concretamente este contexto e interpreta-los usos que fai Rosalía dun *Volksgeist* adaptado, condicionado ás necesidades do caso galego. Para unha interpretación de dous poemas concretos

da colección baixo esta perspectiva, podería consultarse o meu artigo relacionado co tema (Flitter 1991).

Se procuramos a primeira manifestación específica da idea de *Volksgeist* articulada no mundo intelectual alemán, podemos remitirnos á obra de Herder, auténtico pai do Romanticismo naquel país. Concretamente, esta pasaxe, que fai emblema a súa exhortación ós seus compatriotas para deixa-las influencias estranxeiras e para volver ás fontes incorruptas do medievo e do século dezaseis. Os *Nationallieder*, proclama, conteñen o máis xenuíno e característico do xenio alemán:

Ten unha nación calquera cousa máis valiosa? Polo estudo da literatura nativa chegamos a coñecer as épocas e os pobos de xeito máis profundo ca polo vieiro máis triste e máis frustrante da historia política e militar. Daquela aprendemos como pensaba un pobo, que desexaba e que ansiaba, como foran os seus praceres, como se deixaba guiar polas súas directrices didácticas ou polas mesmas inclinacións afectivas. (Berlin 1976: 169).

Os cantares do pobo, vai dicindo, son auténticos arquivos históricos, pois nas obras da imaxinación e do sentimento revélase de xeito máis evidente a alma enteira dunha nación (Berlin 1976: 181). Nos *Fragmente*, de 1767, sinalou Herder a forza rexeneradora da poesía folclórica e aconsellou a súa recuperación.

Como xa indiquei, con todo, foi coas conferencias pronunciadas en Viena por August Wilhelm e logo por Friedrich Schlegel que o ideario romántico vai cobrando máis protagonismo en Europa e se vai estendendo rapidamente a países diversos do continente. Importancia xebre tiveron, especialmente, as conferencias de August Wilhelm, intituladas *Vorlesungen über dramatische Kunst und Literatur*, ou conferencias sobre arte dramática e literatura, pronunciadas en 1808. Coa tradución de extractos das conferencias de August Wilhelm sobre os méritos do teatro de Calderón, iníciase o Romanticismo en España, por exemplo, mediante Böhl von Faber. Van ter influencia incomparable na recuperación do teatro áureo no século dezanove. Emporiso, no contexto deste traballo van resultar máis relevantes as pronunciadas na mesma cidade por Friedrich entre 1811 e 1812 baixo o título de *Conferencias sobre a historia da literatura antiga e moderna*. Dentro dunha pasaxe extensa, eloxia Friedrich a literatura como representación exemplar

das capacidades intelectuais e dos progresos da humanidade. Remítese Friedrich ós postulados básicos de Herder cando afirma o seguinte:

Non hai nada máis necesario ó progreso, ou á existencia intelectual enteira dunha nación, que o ter almacenado abondo aquelas memorias e aqueles vínculos nacionais que se perden en gran contía nos séculos escuros dunha sociedade nacente, mais que son perpetuados e adornados pola arte poética. Estas memorias nacionais son a herdanza máis nobre dun pobo e outorgan unhas vantaxes que non son capaces de prover outra riqueza ningunha. Pois cando un pobo se exalta e se ennobrece sentindo que fora ilustre daquela, que estes vínculos lle chegaran dende un pasado remoto e heroico, que conservan, en fin, unha poesía nacional propia, consideramos de boa vontade que o seu orgullo é xustificado, e que este pobo é realizado ante nós polas mesmas circunstancias que o elevan ante si. (F. Schlegel 1818: I, 15)<sup>1</sup>.

A continuación, considera Friedrich que os romances españois non son simplemente textos literarios, senón, ademais, auténticos poemas nacionais e heroicos.

Se pasamos un momentíño ó Prólogo dos *Cantares gallegos*, decatámonos, de inmediato, do impacto sobre Rosalía de Castro do ideario alemán xa estendido e amplamente acomodado. Non quero insistir innecesariamente nunha parte do prólogo que van coñecer todos; soamente subliñar unha frase: atrevínme a escribir estes cantares, di Rosalía, «guiada só por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan dosemente resoaron nos meus oídos desde a cuna e que foran recollidos polo meu corazón como harencia propia» (Castro 1979: 40).

Baixo esta perspectiva, Rosalía non fai outra cousa que engadirse a unha tradición xa existente en España: poderíamos citar, por exemplo, neste caso, semellantes proclamacións feitas por, entre outros, Antonio de Trueba —para Rosalía, «Antón o dos cantares»—, Gustavo Adolfo Bécquer e Fernán Caballero. Afortunadamente, se queremos ve-lo significado máis amplo da parte posterior do prólogo de Rosalía, tan aberto como contundente, cómpre pasar a consideralo contido e o contexto máis ideolóxico das conferencias de Friedrich Schlegel.

---

1 As traducións dos textos alemáns aquí citados son todas miñas.

Cando este, a continuación do seu irmán August Wilhelm, fala da historia da literatura na cidade de Viena, atópase Europa convulsa, escindida, presa dos conflitos militares concatenados que produciron as guerras napoleónicas. Cando se pronuncia Friedrich sobre a historia da literatura, está España inmersa na época da ocupación francesa e a maior parte do continente levantado en armas contra os exércitos de Bonaparte. Paréceme clave, para comprende-la influencia en España do ideario schlegeliano, o que coincidise exactamente no tempo coa súa Guerra de Independencia. Por isto, o ideario estético do Romanticismo vai emparellado coa ideoloxía: a protesta en contra do universalismo clasicista dominante en Francia e maila defensa das culturas históricas nacionais enlázanse de xeito aberto coa crítica do expansionismo imperialista de Francia. Neste senso, temos, por unha banda, a vindicación estética da cultura alemá, a inglesa e maila española contra o neoclasicismo intolerante da francesa, e, pola outra, a reclamación parcialmente explícita da soberanía nacional fronte ó imperialismo bonapartista. Se lembramos, ademais, o feito de que Friedrich, catro anos antes, se fixera católico, explícase por completo a natureza dos ataques duros que monta nas conferencias en contra da Ilustración e dos filósofos do racionalismo.

No ton encomiástico que profesa Friedrich Schlegel ó falar da tradición literaria española, por exemplo, está involucrado en todo momento a conciencia relixiosa. Tal como o expresa o teórico alemán:

Baixo este punto de vista, a literatura, a poesía de España é tan admirable. Cada parte desta literatura, desta poesía, ten o sentimento máis nobre e máis natural: heroico, moral, e dunha fonda relixiosidade, inda cando o tema do texto non é abertamente relixioso nin moral. Non hai nada que corrompa o pensamento ou extravíe a virtude. Respírase, en todo, o mesmo espírito do honor, dos sans principios e da fe (F. Schlegel 1818: II, 97-98).

Polo contrario, Friedrich, ó falar da cultura francesa do século dezaioito, arremete fustrigador contra Voltaire:

Con que perversidade de enxeño emprega este home toda a grandeza da natureza tal como vén descuberta pola ciencia da Inglaterra non para exaltar o divino Creador, senón para degradar a humanidade. Nos seus escritos todos, calquera que fose o tema,

non é capaz de resistir oportunidade ningunha de introduci-lo seu humor impío e de exhibi-la súa aversión contra o cristianismo e, ata certo punto, contra toda relixión. O seu espírito funcionaba, neste aspecto, como unha máquina destrutora e corrosiva para a disolución de todo pensamento honesto, relixioso e moral (F. Schlegel 1818: II, 192-93).

Podemos engadir unha cita máis, na que se deixa campar a protesta estritamente contemporánea contra as agresións da Francia posrevolucionaria. Fala Friedrich aínda de Voltaire, mais a elección das frases vén condicionada, por certo, polos acontecementos do século XIX:

Tocante á política, o espírito da visión histórica de Voltaire é unha predilección polo republicanismo do antigo mundo clásico, preferencia absurda no contexto da situación da Europa moderna. Este favoritismo vén acompañado moitas veces por unha concepción falsa ou polo coñecemento extremadamente imperfecto do verdadeiro espírito e da verdadeira esencia do republicanismo. Os seguidores de Voltaire chegaron aínda a profesar un odio decidido e malpensado contra todo poder monárquico ou aristocrático, ou un odio máis xeral de todas aquelas formas de goberno ou estilos de vida producidos polo sistema designado feudal (F. Schlegel 1818: II, 195-96).

Vaise definindo, entón, a protesta furiosa contra a Francia revolucionaria que se respira nas conferencias de Friedrich Schlegel. Non debería quedar desapercibida a referencia á destrución «corrosiva» da filosofía de Voltaire e mailo efecto «disolvente» do seu ideario sobre as crenzas. «Disolvente» é o termo que máis caracteriza as críticas neocatólicas españolas en contra da filosofía da Ilustración: figura frecuentemente, por exemplo, nos escritos de Juan Donoso Cortés, Jaime Balmes e unha infinidade de comentarios conservadores sobre a situación ideolóxica da época (Flitter 2006).

Outra consideración importante, se nos cinximos de xeito máis estrito á época da publicación dos *Cantares gallegos*, é a aparición, a partir de 1861, da *Historia crítica de la literatura española* de José Amador de los Ríos. O «Discurso preliminar» que forma parte do primeiro tomo da historia de Amador é un compendio tanto das teorías schlegelianas do Romanticismo xa establecidas en España como unha reprodución máis ou menos exacta da crítica ideolóxica de Friedrich ó

clasicismo francés. Denuncia, por exemplo, o máis reprehensible exclusivismo do código estético defendido pola dinastía borbónica española do século XVIII, da adopción dunhas regras literarias que non podían compaxinarse cos costumes e coas crenzas do pobo castelán, de xeito que «llegaba al cabo con su exclusivismo y su intolerancia a irritar al sentimiento nacional» (Amador 1969: I, xliii-xliv). Os partidarios da arte clásica, vai dicindo, axeonlláranse ante o espírito enciclopédico e o xenio da incredulidade.

O «Discurso preliminar» de Amador vén anotado, de xeito profuso, e con referencias múltiples a Friedrich Schlegel. Amador fora longo tempo grande admirador do teórico alemán; xa nos seus primeiros escritos, da década dos corenta, parafrasea unha das citas schlegelianas anteriormente mencionadas:

Un pueblo que no puede volver la vista atrás para gozar en sus antiguas glorias, no espera en modo alguno, un porvenir venturoso. Lo pasado es nada para él: lo presente le ofrece sólo mil calamidades; y el porvenir es un abismo insondable, en que ha de hundirse infaliblemente. ¡Dichosa España que cuenta con tantos recuerdos! (Amador 1845: 390).

Nos primeiros anos sesenta do século dezanove, acorde coa postura de Amador, proliferan os comentarios literarios que comparten a perspectiva schlegeliana. Para dar unicamente un exemplo representativo, Gustavo Adolfo Bécquer, ó prologalo tomo de poesía publicado en 1861 por Augusto Ferrán, proclama: «El pueblo ha sido, y será siempre, el gran poeta de todas las edades y de todas las naciones. Nadie mejor que él sabe sintetizar en sus obras las creencias, las aspiraciones y el sentimiento de una época» (Bécquer 1969: 1187).

Existe, entón, unha multitude de precedentes para algunhas das afirmacións contidas no prólogo de Rosalía de Castro ós *Cantares gallegos*. O ton, emporiso, é outro: primeiro, pola reivindicación lingüística que respira, e segundo, pola transferencia do discurso de patriotismo ofendido e a denuncia do desprezo inxusto do marco europeo ó propiamente nacional. Unha parte do prólogo que figura menos nos comentarios críticos é precisamente a seguinte, xa preto do final:

[...] taes fatuidades respecto do noso país teñen algunha comparanza cas dos franceses ó falar das súas eternas vitorias ganadas ós españoles. España nunca, nunca os



vencéu; polo contrario, sempre saléu vencida, derrotada, homillada; e o máis triste desto é que val antre eles tan infame mentira, así como val pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra toda-las demáis provincias de España —ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa—, que Galicia é o rincón máis despreziable da terra. Ben din que todo neste mundo está compensado, e ven así a sufrir España dunha nación veciña que sempre a ofendéu, a mesma inxusticia que ela, inda máis culpabre, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento casi lles estóu agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpabre a España a inxusticia que ela á sua vez conosco comete (Castro 1979: 42-43).

Perfila entón Rosalía o que vai ser bipolarización insistente na colección: a «seca Castilla» e a «deserta Mancha» contrastada coa florida Galicia, mais, como é evidente, hai un temario de meirande significado. Na época do Romanticismo, acostúmase percibir Francia como orixe do inxusto desprezo sentido por España e pola súa cultura literaria; os mesmos teóricos alemáns, que, merece a pena subliñalo, manexaban moi ben a lingua castelá, defenden sen reparos esa cultura contra o exclusivismo neoclásico. Agora, dentro do contexto galego, tanto estético como ideolóxico, é a mesma España que peca de arrogancia ó tratar con menosca-bo a lingua galega. España pasa de vítima a agresor. Adapta Rosalía ó caso galego, empregando o mesmo ideario, as ideas básicas do *Volksgeist* para o que vén ser microcosmos do contexto europeo dos primeiros anos do século. O motivo que perdura é o da «recompensa»: requirida a nivel europeo polos teóricos do Romanticismo á cultura francesa e requirida agora á española pola Galicia humillada. Deste xeito, *Cantares gallegos* está integrada, como colección, no contexto máis amplo do momento histórico, mais introduce outra dimensión, outra perspectiva que é unha extensión lóxica do ideario dese momento ó face-la súa transferencia ós parámetros estritamente españois. Case que cen anos antes, Herder defende-ra o valor dos *Nationallieder* contra os ataques clasicistas. Os teóricos alemáns, corenta anos despois, e, xa que logo, os seus corifeos españois reclaman o valor do romanceiro tradicional: os poetas do Romanticismo español escriben con preferencia na métrica do romance, chamada polo duque de Rivas no prólogo ós seus *Romances históricos*, «nuestra verdadera poesía castiza, original y robusta» (Rivas

1987: 81). Nin que dicir ten que *Cantares gallegos* representa, entre outras cousas, a reclamación das formas métricas populares, enxebres: o verso pentasílabo arromanzado con ritmo de muiñeira, ou a tríade galega, por exemplo.

Máis que nada, porén, *Cantares gallegos* recrea o *Volksgeist* galego na representación, di Rosalía «das nosas poéticas costumes» e na memoria cultural da «frescura patriarcal e primitiva», de xeito que poetiza o mundo cotián do campesiño galego con resonancias do cancionero medieval. De tal xeito, *Cantares gallegos* chega a ser paradigma, concentración da cultura literaria e lingüística comparable, para un británico, coa obra de Shakespeare ou coa versión maxistral da Biblia que apareceu en lingua inglesa en 1611. Moi axustado paréceme que se converteu en icona lingüística e literaria precisamente pola súa capacidade de comunicala auténtica esencia galega acumulada e viva.

Moi evidente queda que, para o século xx, a obra de Rosalía representa o mesmo xeito de tesouro almacenado que vían os Schlegel nos *Nationallieder* alemáns ou no romanceiro tradicional castelán. Antes de pecha-lo meu texto, quería considerar un momento o impacto da obra sobre un dos escritores máis eminentes da xeración Nós: Ramón Otero Pedrayo.

Como indica Ramón Villares na súa *Historia de Galicia*, os escritores da xeración Nós beben directamente do historicismo alemán. Comenta Villares: «La creación de una cultura propia y la capacidad de imprimirle una modalidad o espíritu nacional (*Volksgeist*) es la medida de la vitalidad de cualquier pueblo y de su contribución a la humanidad» (Villares 1985: 188-89). No caso de Otero, podemos remitirnos a dúas obras que escribiu seguidas: o discurso de ingreso na Real Academia Galega e maila novela *Arredor de si*. No seu discurso, Otero afirma que «Os poetas e hestoreadores do tempo románteco espertaron a concenza do verdadeiro ser da Galiza [...]. O Romanticismo extranxeiro fixolles atopar un sentido galego do vivir» (Otero Pedrayo 1931: 26). Con referencia concreta a Rosalía, emprega a súa fraseoloxía predilecta ó comentar que ela poetizou «un decorrer de sazóns da natureza e da ialma», e declara que coa lectura da súa poesía nos sentimos «sobrecollidos como didiante da ialma inmorredoira da Galiza» (Otero Pedrayo 1931: 106, 75).

O Romanticismo é, entón, inspiración do galeguismo, por esperta-la conciencia dos galegos para articular e defende-lo espírito nacional: «Cando o Romanticismo afondou as perspectivas, os homes de sentimento descubríronse a si

mesmos ao decatarse do seu ser galego. Neles e arredor deles, latexaba a ialma maguada da terra. Sentiron a un tempo dor, vergonza e esperanza. Estaban citados a un xuicio de conciencia» (Otero Pedrayo 1931: 47). Para Otero, podemos engadir, e empregando as palabras de Villares, é Rosalía de Castro, en *Cantares gallegos*, quen logra imprimirlle á literatura galega, como despois vai facer Eduardo Pondal, o seu espírito nacional.

A concienciación de que fala Otro Pedrayo, finalmente, é tamén a concienciación súa que figura na novela semiautobiográfica *Arredor de si*. Dentro deste texto aparece, concretamente no momento epifánico producido no seu protagonista, Adrián Solovio, polo encontro co mapa de Galicia preparado por Fontán, unha pasaxe que ten evidentes dimensións bíblicas:

A vela alumou longamente un nome e o sitio de Compostela. Adrián lía nomes de montes, de ríos, de pobiños, de ermidas. A luz ía seguindo os trazados dos camiños. Naqueles instantes extraños e fondos figuraban lucir no mapa agras marelas de centeo, ermos vestidos de flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos carreiros aos muíños e ás feiras, verdeceres de camposantos, fuxir de augas, praias douradas, galgar de ondas nos cons, velas que saen rosellando o mar, orballeiras sobre as arboredas mestas, rúas de velas cidades, soidades de esquecidos mosteiros.

Adrián sentíase conmovido ata o máis fondo de seu ser (Otero Pedrayo 1985: 119-20).

En *Cantares gallegos*, queda patente a presenza da paisaxe característica de Galicia, na que insiste Rosalía tanto no prólogo como nos poemas mesmos. No prólogo, en dúas ocasións separadas, enumera os trazos emblemáticos desa paisaxe:

«Cantos, bágoas, queixas, suspiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido, é dino de ser cantado» (Castro 1979: 41); e logo: «Lagos, cascadas, torrentes, veigas floridas, valles, montañas, ceos azúes e serenos como os de Italia, horizontes nublados e malencónicos anque sempre hermosos como os tan alabados de Suiza, ribeiras apacibles e sereniñas, cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa gigantesca e xorda cólera» (Castro 1979: 42).

Presenciamos nestas liñas o que chamei noutro lugar e con referencia concreta á obra literaria de Otero un retablo da paisaxe galega (Flitter 1999). Está en vías

de creación, no maxín do lector que vai emprende-la lectura de *Cantares gallegos* como na mente de Adrián Solovio ó decatarse do seu ser galego, a fisionomía de Galicia na súa existencia xeográfica e nas súas posibilidades estéticas, a vitalidade de espazo e pobo que, no senso do historicismo alemán ideado por Herder, é o que forma o seu espírito.

Perdura, deste xeito, o *Volksgeist* galego, trazado por Rosalía de Castro e continuado por Otero Pedrayo. Poderíamos falar diso na obra de Vicente Risco, por exemplo, ou sinaladamente na de Ramón Piñeiro. Pero estas son —para min— ledicias que vou deixar para outra ocasión.

Unha última consideración. Friedrich Schlegel subliña a importancia, para a independencia literaria efectiva dunha nación, de recupera-la memoria cultural, a memoria popular. Na historia da cultura española, considera Friedrich os romances, como fixera Herder e mailo seu irmán August Wilhelm, o tesouro oral conservado que representa a máis auténtica materia textual desta recuperación. Van dicindo Rivas, Bécquer, Amador de los Ríos e moitos escritores máis o que vén a ser realmente a mesma cousa nun século que xa fixera gran parte desta recuperación nas edicións do romanceiro publicado por Agustín Durán e máis eruditos. A meirande diferenza, quizais, está en que Rosalía recupera aqueles cantares e aquelas palabras cariñosas, como nos di no prólogo, que resoaron nos seus oídos dende o berce e que non existiran previamente como textos escritos. No caso dela, a obra é máis de creación que de recuperación. As imaxes emblemáticas de *Cantares gallegos* van ter, pasando o tempo, a condición case que divina, de xeito que na presenza delas o lector ou espectador experimenta, como Adrián Solovio, como o mesmo Otero Pedrayo, unha sensación iconográfica, sacramental, de quen se atopa ante un retablo.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMADOR DE LOS RÍOS, José (1845): «Tradiciones populares de España: Rodrigo Díaz de Vivar», *El Laberinto*, 2, 387-390.
- AMADOR DE LOS RÍOS, José (1969): *Historia crítica de la literatura española*, edición facsímile, 6 vols., Madrid, Gredos.
- BÉCQUER, Gustavo Adolfo (1969): *Obras completas*, Madrid, Aguilar.
- BERLIN, Isaiah (1976): *Vico and Herder: Two Studies in the History of Ideas*, Londres, Hogarth.
- CASTRO, Rosalía de (1979): *Cantares gallegos*. [Edición de Ricardo Carballo Calero]. Madrid, Cátedra.
- FLITTER, Derek (1991): «Técnica medieval e subxectivismo moderno en dous poemas dos *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro», *Boletín Galego de Literatura*, 5, 7-19.
- FLITTER, Derek (1992): *Spanish Romantic Literary Theory and Criticism*, Cambridge, Cambridge University Press.
- FLITTER, Derek (1999): «Romantismo vivencial e estrutura vangardista en *Devalar*, de Ramón Otero Pedrayo», en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade, II, 589-602.
- FLITTER, Derek (2006): *Spanish Romanticism and the Uses of History: Ideology and the Historical Imagination*, Londres, MHRA / Maney Publishing.
- HERDER, Johann Gottfried (1877-1913): *Sämtliche Werke*. [Edición de B. Suphan]. Berlín, Weidmann.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1931): *Romanticismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, A Coruña, Real Academia Galega.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1985): *Arredor de si*, Vigo, Galaxia.
- RIVAS, Ángel Saavedra, Duque de (1987): *Romances históricos*. [Edición de Salvador García Castañeda]. Madrid, Cátedra.
- SCHLEGEL, Friedrich (1818): *Lectures on the History of Literature, Ancient and Modern*. [Tradución de John Gibson Lockhart]. Edimburgo, W. Blackwood.
- VILLARES, Ramón (1985): *Historia de Galicia*, Madrid, Alianza.

